

## COMUNICADO Nº 079/23

26 DE ABRIL DE 2023

### NOVAS REGULAMENTARIAS NO CAMPIONATO GALEGO DE MONTAÑA

O Campionato Galego de Montaña terá as seguintes modificacións regulamentarias logo de escoitar as propostas dos federados.

O formato de competición será en dúas xornadas con tres mangas cada día, sendo unha delas de adestramentos e dúas oficiais. Collerase o mellor tempo de cada unha das xornadas e sumaranse para obter o resultado final.

Se un piloto non completase ningunha das dúas mangas dun día poderá coller as do outro día engadindo unha penalización de 30 segundos á suma do tempo total.

Ademáis, acordouse a utilización dun sistema de extinción de 2 kilos. Neste caso será un extintor de pó A-B-C, manual de 2 kilos mínimo, con axente propulsor N2 a 15 kgs. Cm2.